




www.barcas.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística



DO BATUXO AO CAROCHO


.....

GUÍA DAS EMBARCACIÓNS FLUVIAIS



forte ocupación do territorio arredor dos ríos, situándonos na densa rede fluvial do noroeste ibérico, motivou unha grande variedade tipolóxica de embarcacións. Como medios de paso, pesca e lecer deron resposta ás necesidades dos ribeirasos. Semella que, sendo os encoros aproveitables para a navegación e desaparecidas outras alternativas, a ocupación do tempo libre é o único espazo que teñen hoxe as barcas fluviais para servir á sociedade.

Até a segunda metade do século XX o espallamento das barcas de río foi notorio. Pensamos que todos os cauces fluviais de certa entidade contaron con embarcacións. Anotamos a presenza de barcas cando menos nos ríos Miño, Anllo, Támoga, Ladra, Parga, Narla, Asma, Avia e Arnoia; no Sil, Bibeí e Cabe; no Limia e Támega; no Navia, Eo e Landro; e no Eume, Mandeo, Tambre, Ulla, Umia e Lérez.



Partindo de un patrón universal, o tronco flutuante, do que deriva a balsa e a canoa —considerada como o barco primeiro—, que unidas dan lugar ao barco de dornas dos ríos galegos, chegamos aos cascos de táboas en fiadas sobrepostas —na dorna marítima e no carocho do Miño— e a tope, os barcos propiamente ditos.

A característica fundamental das embarcacións fluviais é o fondo plano, máis ou menos arqueado, e sen quilla. Os carpinteiros atenderon ás circunstancias do lugar onde serían emprazadas. Así interpretamos a variedade nas tipoloxías recollidas como unha mostra da riqueza da cultura das ribeiras. Contextualizadas debidamente, comprenderemos como todas as formas son válidas, axeitadas á zona na que se desenvolven, e froito de anos de experiencia e de evolución propia.

Batuxo

Popularizada como batuxo —nome que só se emprega para as pequenas barcas nos arredores da cidade de Lugo—, temos no Miño e primeiros afluentes do seu curso as variantes da Terra Chá, Lugo e Portomarín, con formas que chegaron até o desaparecido Porto Sardiñeira (O Saviñao) e ao río Navia.

Embarcación con dianteira que levanta en ángulo obtuso, empregada para servizo dos labregos e para a pesca nos caneiros, e de maior tamaño para sacar area, pasar o carro ás insuas e con barqueiros de pago. Manéxase con vara ou rema. Non queremos esquecer o que foron outros usos lúdicos, como as competicións polo San Froilán en Lugo, ou polas festas de Portomarín a mediados do século XX.



Barca de paso

No curso medio do Miño, particularmente entre Chantada, O Saviñao e Pantón, mantense unha tipoloxía moi estendida no pasado como embarcación de pasaxe (Cabe, Sil, Támega e Miño por Ourense). Con forma rectangular en planta, sen diferenciar a dianteira da traseira, desprázase coa axuda de remos cruzados.

Moi empregadas para a navegación transversal, o transporte humano e de mercadorías na ribeira —desde as uvas até o viño, pode levar unha plataforma superior ou pouso para aumentar a superficie de carga—, e para a pesca.



Barca do Sil

No último tramo do río Sil atopamos un dos modelos máis traballados polos carpinteiros en Galicia, con posible variante simplificada en Covas (Valdeorras). Embarcación de fondo plano, máis estreita na dianteira —levantada en ángulo obtuso, facilita a navegabilidade, cortando a auga—, cos laterais elevados na parte anterior a modo de protección. Góbernanse con remos cruzados.

Utilizadas para pasar o río —barqueiros en Meixide e O Val, lembran até sete cabalerías cargadas de patacas en Chanteiro—, pesca e cultivo das viñas.



Barca do Ulla

No treito final do río Ulla atopamos unha forma rectangular que se estreita cara os lados menores. Impúlsase con remos ou cun cabo atado nas dúas bandas do río.

Empregada para chegar ás lampreeiras e para a pesca en xeral. Foron usadas por madeiros, con barcas de catro remos en Carcacia (que portaban até tres toneladas), e paso de persoas —especialmente para a romaría da Mercede—, e de gando —lembran tres parellas de bois con carros na barca de Sarandón—. Tamén é curioso o feito dos mozos de Ribeira, en San Pedro de Sarandón, que tiñan unha barca como propiedade comunal para pasar ás festas da banda pontevedresa do río Ulla a mediados do século XX.



Lancha

Con dianteira en bico a embarcación máis popular é a lancha (Sil, Cabe, Tambre, Ulla, Umia, Lérez e no Miño desde Os Peares até a desembocadura do río).

Foron moi usadas para a pesca, tamén empregadas como barcas de paso e para os labores da ribeira. Lancha o mesmo apropiada para o paseo nos traxectos vilegos dos ríos, como no Asma en Chantada, o Cabe en Monforte de Lemos, o Arnoia en Allariz, o Umia en Caldas de Reis, o Sil no Barco de Valdeorras ou o Miño en Lugo.



Barco de dornas

Exemplar de dobre casco, catamarán documentado no río Miño desde Belesar a Tui, no Sil, no Cabe e no Avia. Seguramente tamén, por microtopónimos que se conservan, tivo asentamento ademais no Limia, no Ulla e no Lérez, o que o convirte nunha das formas con maior expansión territorial, alén da súa singularidade.

Empregado para o paso e, de xeito moi notable, para a pesca. Realizado con dous frotadores —truncos de madeira ocos ou con táboas—, sobre os que se asenta unha plataforma de madeira.



Barca do Landro

Localizada no último treito do río Landro na mariña luguesa, trátase de unha embarcación de fondo plano, con dianteira en punta redondeada. Porta remos cruzados, e outra pá atrás para cinglar.


Utilizada nos labores do agro, carreto de estrume e de algas recollidas cando baixa a marea. Desde a barca pescan sollas con arpón —francado e rancha—, e estenden o trasmallo. Tamén se empregou para o paseo no verán.



Barca da Antela

Na lagoa de Antela —comarca ourensá da Limia—, terra desecada a mediados do século XX, tivo asentamento esta tipoloxía até que se executou esta grave alteración do medio que fixo desaparecer as embarcacións tradicionais.

Con forma alongada e estreita, para discorrer con facilidade entre os xuncos ou beóns da lagoa. Os laterais están formados por unha soa táboa curvada. Coa dianteira e a traseira rematada en punta, nunha construción especialmente condicionada polo lugar de uso. Manéxase con vara, con capacidade para dúas persoas. Foi empregada para cazar, recoller ovos, pillar rás e para levar o gando a pacer.



Gamela

Na desembocadura do río Miño e xunto á costa marítima aparece esta embarcación de fondo plano, coa proa e a popa cortadas en paneis. Leva normalmente tres bancadas e un par de remos, e portou vela triangular até mediados do século XX.

O río Miño foi lugar de paso transversal ao longo da historia, movendo persoas e mercadorías (non se esquece o contrabando e as persecucións das ditaduras do século XX —franquismo e salazarismo—, ademais da emigración). A pesca segue favorecendo a presenza das gamelas, dedicándose ás valoradas especies que remontan o río no tramo libre de encoros.




Carocho

No último tramo do Miño temos o carocho, tamén coñecido como barco ao Miño, bote anguleiro ou caiumbo, un modelo que só existe neste río. Embarcación moi elaborada, con dianteira en punta, e construción de táboas superpostas en fiadas que o emparentan con embarcacións nórdicas, aparecendo modelos semellantes desde Crecente.

Pintados tradicionalmente de escuro, e armados con dous remos de pás recurvadas, e con vara que serve para fondear e para navegar. A barcaza de carga é igual modelo que o anguleiro, só que de maiores dimensións, con vela, timón e vara. A introdución do motor alterou a popa, agora cortada en panel para poder fixalo, antes redonda. Foi moi usado para transporte e pesca.





Título: Do batuxo ao carocho. Guía das embarcacións fluviais

Edita: Barcas do Miño

Texto e imaxes: Xosé M. Vázquez

Arquivo: Rodrigo Fernández

Deseña: novodesenho. www.novodesenho.net

Impresión: Gráficas Galegas

Dep. Legal: LU-319-05

Subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dirección Xeral de Política Lingüística